

Á Mesa do Parlamento

Os **Grupos Parlamentares dos Socialistas de Galicia** e do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa das súas deputadas **Carmen Cajide Hervés, Laura Seara Sobrado e Ana Belén Pontón Mondelo**, respectivamente, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Para que a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes sexa real, temos que incorporar ao proceso persoas, accións e métodos que o aceleren.

Non podemos limitarnos a pensar que o tempo pola súa propia inercia xa se encargará de levarnos ao noso obxectivo, que a consecución da igualdade é cuestión de tempo, como cren moitas persoas.

Tampouco podemos esquecer que os logros acadados son fundamentalmente froito do traballo, do esforzo, da convicción e da vontade decidida de moitas persoas, na súa gran maioría mulleres.

Sabemos que dende hai máis de 25 anos existen profesionais que traballan pola igualdade de oportunidades. Ata hai pouco tempo, e nalgúns casos mesmo na actualidade, as profesionais encargadas de levar a cabo as políticas de igualdade de oportunidades foron as traballadoras sociais, técnicas de intervención social, e outras relacionadas co mundo educativo, asociativo e tamén político. Está claro, que gracias á sensibilidade e ao esforzo engadido destas persoas, e ao grande impulso que supuxeron os programas Europeos Now, Equal, etc, hoxe podemos falar do perfil profesional de Axente de Igualdade entre mulleres e homes.

O proceso, comezou a ter consistencia a partires do período 1.992 e 1.994, a través do programa NOW da “Dirección General de Empleo y Asuntos Sociales” da Comisión Europea, cando un equipo de analistas da Universidade en colaboración con douscentos profesionais relacionados e ralacionadas co tema, levaron a cabo unha investigación sobre o perfil formativo e profesional de Axente e Promotora e Promotor de Igualdade de Oportunidades para as mulleres.

O resultado deste traballo foi presentado ao “Consejo Superior de Estadística de España” que incorporou as dúas ocupacións no ano 1.994. Ademais, o INEM asumiu estes dous perfís no ano 1.997 na súa propia clasificación de ocupacións. Eso significou un gran avance, permitindo incorporar ditos perfís aos estudos estatísticos, e ás persoas que desexan traballar neste campo poden inscribirse como tal nunha Oficina de Emprego. Eso si, con moitas carencias en canto a uns mínimos formativos ou a poder acreditar a certificación profesional.

Despois deste importante proceso, podemos dicir que houbo un claro estancamento a nivel estatal, e que se mantivo a loita dende algunhas Comunidades Autónomas como País Vasco, Andalucía, Cataluña, etc.

No ano 2.004, a Agrupación de Desenvolvemento Equal Ulla Umia, no marco do proxecto “Profesionales para la Igualdad de Oportunidades”, é quen de recuperar o proceso en favor da definición do perfil formativo e profesional, así como da certificación profesional de Axente de Igualdade de Oportunidades, localizando e implicando a 25 grupos de todo o Estado con experiencia en traballos feitos nesta materia (seis Institutos da Muller, oito Asociacións Profesionais de Axentes de Igualdade, nove proxectos Equal e dúas Fundacións expertas en xénero), e retomar un tema de vital importancia para a efectiva aplicación das políticas de igualdade entre mulleres e homes.

Como resultado deste proxecto existe unha ficha, consensuada por tódolos grupos participantes, sobre a definición do perfil formativo e profesional de Axente de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes, que foi transferida ao “Instituto Nacional de las Cualificaciones”, á “Secretaría de Políticas de Igualdad” e ao “Instituto de la Mujer”, para que conxuntamente sigan a traballar ata a consecución do obxectivo.

No caso galego, ademais da experiencia da AD Equal Ulla Umia, realizáronse, e estanse a realizar, outras convocatorias de formación, tamén homologadas pola Universidade de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña, que cumpren, e nalgúns casos superan, os requisitos mínimos recollidos na ficha de perfil formativo e profesional AIO anteriormente descrita.

Neste intre atopámonos cunha diversidade e disparidade de contidos e perfís que requiren con urxencia unha sistematización, organización e definición consensuadas, incluídas e recoñecidas por tódolas instancias e persoas implicadas nesta cuestión.

Precisamos unha figura profesional que propoña, promova, oriente, asesore, actúe e avalíe as intervencións en materia de igualdade para garantir a consecución do obxectivo e velar para que o procedemento sexa o máis axeitado posible.

Polo exposto, o Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1.- Levar a cabo un proceso, contando con tódolos axentes sociais implicados (profesionais, administracións, sindicatos e outras entidades), que culmine na certificación profesional e/ou a convalidación da titulación de tódalas persoas que tiveron un proceso de formación teórico/práctica que as capacite para desenvolver a actividade profesional de Axente de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes.

2.- Apoiar e promover o asociacionismo e a colaboración entre as e os profesionais deste campo, fomentando o intercambio de posicións e reforzando a coordinación neste ámbito.

Pazo do Parlamento, 26 de Xullo de 2006

Asdo.: Carmen Cajide Hervés
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Ana Belén Pontón
Deputada do G.P. do BNG

Asdo.: Laura Seara Sobrado
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Ismael Rego González
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

**María del Carmen Cajide Hervés na data 26/07/2006
12:34:34**

Laura Seara Sobrado na data 26/07/2006 12:34:59

Ismael Rego González na data 26/07/2006 12:35:23

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 15/09/2006 13:33:32

Ana Belén Pontón Mondelo na data 15/09/2006 13:33:42